



MEMORIA FUNCIONAL PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

A Lei 6/2024, de 27 de decembro, de estatística de Galicia (LEG), establece no seu título I o modelo organizativo da estatística galega, co Instituto Galego de Estatística (IGE) como órgano da organización estatística coa misión principal de dirixir e coordinar a estatística galega. Establece que o IGE é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Instituto Galego de Estatística rexerese polo disposto nesta lei e nas outras normas que lle sexan aplicables. En particular, como entidade do sector público autonómico de Galicia, rexerese pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Por Decreto 60/2016, do 26 de maio, apróbase o estatuto do IGE, no que se establece a súa estrutura orgánica, e por Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio), apróbase e publícase a relación de postos de traballo (RPT) do IGE e modifícase por Resolución do 23 de setembro de 2022 (DOG nº 189, do 4 de outubro) e posteriormente por Resolución do 27 de abril de 2023 (DOG nº 87, do 27 de abril).

Por Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Estatística queda adscrito á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia.

Como consecuencia desta adscrición é necesario cambiar todos os códigos dos postos da relación de postos de traballo do IGE referidos á Presidencia da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Consellería de Facenda e Administración pública (á que estaba adscrito o IGE, con anterioridade), a través da Resolución do 5 de xullo de 2023 convocou o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos (DOG nº 129, de 7 de xullo de 2023), referidas á oferta de emprego 2021/2022.

Mediante a Resolución do 6 de novembro de 2024, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as,





publicase como anexo a esta resolución a relación de persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo e elévase dita resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal para os efectos de que as persoas aspirantes que figuran nela sexan propostas para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Nesa relación de aspirantes figuran 3 persoas que superaron o proceso selectivo. Actualmente neste organismo só existen dúas prazas vacantes para ofertar na toma de posesión dos aspirantes, polo que resulta imprescindible a creación dunha praza da escala superior de estatísticos.

No Consello Reitor do IGE celebrado o 30/06/2024 acórdase que cómpre facer unha modificación da RPT do Instituto para a creación dunha praza do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, que se financiará con cargo a remanentes existentes no capítulo I.

A praza, como as demais prazas idénticas existentes neste organismo, estaría adscrita á dirección do Instituto. Contaría coas seguintes características:

Denominación: Posto base subgrupo A1
Nivel: 20
Forma de provisión: Concurso de méritos
Subgrupo: A1
Corpo/escala: XSE
Adscrición Administración Pública: AXG
Custo orzamentario: 43.606,64 euros

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do IGE
Juan Carlos Reboredo Nogueira





MEMORIA ECONOMICO-FINANCIERA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O artigo 41.2.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esixe no procedemento de elaboración de disposicións regulamentarias una memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento. Así mesmo, a Orde da Consellería de Facenda, do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas legislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións, establece unha metodoloxía propia para a elaboración das memorias económico-financeiras.

O Instituto Galego de Estatística está a tramitar unha modificación da súa relación de postos de traballo (RPT), cunha dobre finalidade, actualizar os códigos dos postos derivados da súa nova adscrición á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia (Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia) e a creación dunha nova praza do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, xa que actualmente neste organismo só existen dúas prazas vacantes para ofertar na toma de posesión das tres persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo convocado pola Consellería de Facenda e Administración pública (á que estaba adscrito o IGE con anterioridade), a través da Resolución do 5 de xullo de 2023 convocou o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos (DOG nº 129, de 7 de xullo de 2023), referidas á oferta de emprego 2021/2022.

GASTO XERADO

A repercusión económico-financeira para facer fronte ás modificacións propostas estímase nun custo de 43.606,64 euros, consonte ao establecido nos Anexos de persoal da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.





Posto de nova creación do Instituto Galego de Estatística

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV	C. DIRECTIVO	CUSTO ORZAMENTARIO
PX0110000015770101	Posto base subgrupo A1	A1	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA	43.606,64
TOTAL					43.606,64

O anterior supón que se incrementen, dentro do orzamento o IGE sección: 10 servizo: 80 programa 581A Elaboración e difusión estatística os seguintes subconceptos orzamentarios:

- Retribucións básicas. soldo: 120.00
- Retribucións básicas.Trienios: 120.05
- Retribucións complementarias. Complemento de destino: 121.00
- Retribucións complementarias. Complemento específico: 121.01
- IPC galego: 121.08
- Complemento de carreira: 121.43
- Seguridade Social. 160.00

FINANZAMENTO DO GASTO:

O posto base subgrupo A1 financiarase con cargo a remanentes existentes no Capítulo I do orzamento de gastos.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director do IGE
Juan Carlos Reboredo Nogueira

